

A cachetes e porrazos entrou o amor no regazo

Porque me miras rapaza
con esos ollos tan feos
por que a miña rapaciña
ningun mal che teño feito.

Mírote como mereces
cara de can sin vergüenza
que a tódas andas decindo
que me vas deixar por outra.

Nunca de ti mal falei
miña rapaza bonita
solo dixen que tu eras
un poquín presumida.

Tu dixeche moitas cousas
que non deberas decir
hasta dixeche que eu
toliña estaba por ti.

Todo eso foi mentira
non fagas caso rapaza
sígamos a nosa vida
non me poñas mala cara.

Xa que sou tan presumida
non volvas falar conmigo
busca outra que te queira
que eu non te quero meu fillo.

Por decir que es boa moza
non debes presumir tanto
que tamen as boas mozas
quedan pra vestir os santos.

Pois se quedo sin casar
por eso non teño pena
pra me casar con un burro
mais vale quedar solteira.

Si tu me tratas de burro
tu estás muy engañada
pois por moi lista que seas
tu non me as poñer a albarda.

Pra ser un burro de veras
fáltache ter catro patas
de orellas estas ben
que pasan de cinco cuartas.

Pois ti tes unhas narices
que si moito non me engaño
mesmo parece que son
as tegrogas de un arado.

Cala tu cabeza tola
non me veñas insultando
volvete por donde vineche
vay dar a lata a outro lado.

Non te enfades maruxiña
e non presumas de guapa
que eres mais fea que a noite
ollos de gato pelado.

Non fales tí porcoteixo
xorobado can do demo
que non tes xunta no corpo
que balla un sacramento.

Pois tu tamen miña nena
podes mirarte o espello
solo tes dentes e boca
e un bigote de conexo.

Si me sigues insultando
bouche romper as costelas
vaite de aquí galopín
non teño ganas de festas.

A cecpeles o boullozou gullen o gato no lebedo

Non tes cu nin tes barriga
solo tes malas ideas
pero eu non che teño medo
vólvete a míñ cando queiras

Nin corta nin perezosa
a rapaza enseguida
botoulle as maus a o pescozo
e bailaron a Raspita.

O mozo sin darse conta
caeu de patas pra riba
e debaixo da rapaza
parecía una formiga.

Deullas no cu e na cara
hasta a nariz lle mordeu
deixouno a pan pedir
nunca tal cousa se beu.

O mociño como pudo
foina metendo de baixo
e rachoulle a roupa toda
as medias co refaixo.

Foi un día po la tarde
no medio da carballeira
e tuvo que ir separalos
a xente que iba da feira.

Desta grandiosa pelea
os doux saliron marcados
o mozo pola nariz
e ela rompeu un brazo.

Despois de facer as curas
os doux quedaron contentos
perdonaron un o outro
e tratan o casamento.

Os amores pra quererse
deben ser muy reñidos
e nos que nos pelexamos
seremos os más queridos.

Todos dicen que é certo
pero eu digo o contrario
cando de sulteiros tronan
que faran estando casados.

Pois eu si caso contigo
non teñas medo rapaza
eu sempre te quererei
como se quere a una santa.

Fai o que queiras meu fillo
xa sabes que xenio teño
cando non andes o dreito
bótote pro cementerio.

Tan pronto como casaron
puñíeronse o seu traballo
e tamben deron no conto
que nunca mais se enfadaron.

F I N